



**ceesg**  
colexio de educadoras e  
educadores sociais de galicia

Rúa Gómez Ulla 7, 3º  
15702 Santiago de Compostela  
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274  
ceesg@colexioeducadores.com  
www.colexioeducadores.com

## ABERTO POR REFORMAS

Existe, na radio galega, un programa que leva este mesmo nome e que o definen como “un lugar de encontro para os estilos musicais máis variados, unidos polo nexo da lingua galega”. Do mesmo xeito, quixemos amosar esas ganas de **continuar** reformando, sen pretender ser a eterna reforma, adoptando este título tan radiofónico.

Sabedes que dende hai uns meses, reunidos en asemblea, unha nova xunta directiva recibiu a confianza do colectivo profesional para continuar edificando un proxecto de Colexio entre todas e para todos. Pois ben, as nosas compañeiras anteriores fixeron moito traballo e moi bo labor, e gustaríanos seguir nesa senda da creación de expectativas e de logros profesionais en común, desde o agradecemento de ternos aberto o camiño e o respecto que lles dá a experiencia. Dito isto, entendemos que todo cambio ten que supoñer resultados, e nós esperamos ofrecer resultados positivos pronto, por que é unha esixencia de cara ao colectivo colexial que nos poñemos e que entendemos de xustiza.

Buscamos “ollar por detrás dos soños” xa que permite traelos dunha dimensión para outra, do imaxinario para o real. Ollar por detrás de algunha cousa significa que permite comprender mellor a súa esencia ou o seu funcionamento; analizar, minuciosamente, o que se encontra máis alá da percepción inmediata, examinar outras posibilidades adoita sempre propoñer ideas non sempre percibidas pero que teñen un compoñente imaxinario que nos fai sorrir e nos serve para crear proxectos desde unha óptica optimista e positiva. Ver as cousas por detrás tamén revela os segredos que impresionan a quen só os mira de fronte. Propoñémosvos este exercicio: mirade por detrás dos soños e buscade realidades, cun sorriso sempre.

Agora ben, todo isto ten que ver coa educación social claramente, pero pódenos fuxir esta percepción se non temos a cautela de examinar atentamente a nosa profesión por detrás. Os educadores e educadoras que o fan conseguen, seguramente, divisar as súas misións e, consecuentemente, as súas responsabilidades máis alá do mero cumprimento das esixencias dun currículo ou posto de traballo.

Esas mulleres e homes de incommensurable valor que traballan no cotián desde esa perspectiva de visión ideal recoñécense como arquitectos e arquitectas dunha sociedade imaxinaria, que aínda non existe, pero que está en pleno proceso de realización, está aberta por reformas tamén; esta xente séntese artesá, pois elabora proxectos como se de obras de arte se tratase. Proxectamos e edificamos, ou o que é o mesmo, programamos e intervimos na comunidade local coa firme esperanza de que encontraremos un mundo mellor. Non o temos que buscar; sabemos que o vamos a atopar.

Traer do imaxinario ao real unha cousa non é tarefa doada, pero vamos a intentalo. Queremos converter ao colexio nun “lugar de encontro” como o programa de Xurxo Souto, onde teñen cabida os estilos máis variados da educación social, que non son poucos e, onde o nexo de unión, ademais de ser a lingua galega, sexa a teima de querer crear unha disciplina científica acorde cos tempos e os estilos variados dos que falamos.

Para este ano, porémoslle caras ao colexio, para que vos fagades unha idea da xente que traballamos aquí e tamén reiteramos o convite á participación a toda aquela persoa que queira participar, desde esa perspectiva de igualdade de oportunidades, ou mellor, como di unha educadora de Ferrol, tódalas oportunidades do mundo, para que cada quen escolla a que lle apeteza. A liberdade de poder escoller e decidir é algo moi valioso cando non se ten e moi pouco apreciado cando se dispón dela. Se non aproveitamos as ocasións que temos, como colectivo, de participar e facernos visibles, estamos perdendo oportunidades, estamos invisibilizándonos. E ningún de nós cuestiona que sexamos bos profesionais, pero temos que contalo e dicilo, sen temores nin baixas autoestimas. Un colexio profesional funciona se cada un de nós aporta algo. É imprescindible a colaboración de todos/as para que isto teña sentido. Síntete, desde xa, convidado/a a participar do teu colexio profesional. Empeza o ano e os novos proxectos. Aberto por reformas, por ideas, por cambios, por voltas, por calidades, por conxuntos, por pertenza profesional.

## ACTUACIONES REALIZADAS

- ✓ Escrito dirixido á Deputación Provincial de Lugo, en relación á convocatoria dunha praza de Animador/a Sociocultural, na que defendemos e xustificamos que a titulación máis adecuada para as funcións deste posto é a de Educación Social.
- ✓ Escrito dirixido á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para solicitar que nos confirmen a veracidade das informacións acerca da posible adaptación da ordenación educativa autonómica á LOE, no que se refire ao alumnado con Necesidades Educativas Especiais, ao que nos respostaron que actualmente se está facendo unha proposta neste sentido, o CEESG manifestou unha enteira disposición para colaborar.
- ✓ Envío aos xulgados e tribunais galegos das listas de educadoras/es sociais dispostas/os a actuar como peritos.
- ✓ Asistencia ao Acto de presentación da Lei de Servizos Sociais de Galicia para a construción do Sistema Galego de Benestar, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 15 de xaneiro, organizado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Secretaría Xeral do Benestar. Asistiu M<sup>a</sup> José Fernández, Presidenta do CEESG.
- ✓ Desenvolvemento da IV Xornada sobre Xerontoloxía e Educación Social, que tivo lugar en Santiago (Sede Fundación Caixa Galicia) o día 18 de xaneiro.
- ✓ Asistencia a unha reunión de presentación do “Anteproxecto de Lei integral de asistencia e inserción en materia de drogodependencias e outras condutas aditivas”, que tivo lugar o día 23 de xaneiro en Santiago, organizada pola Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias. Asistiu Alfonso Tembrás, Vicepresidente do CEESG.

- ✓ Encontro con Dona Carme Adán Villamarín, Secretaría Xeral de Igualdade, o día 23 de xaneiro, para informarnos de diversos aspectos en relación á educación familiar (situación da convocatoria de axudas para a contratación de educadoras/es familiares, posible elaboración de protocolos de educación familiar, formación, etc.) Na reunión reiteramos a postura do CEESG no que se refire a que o perfil adecuado para o desenvolvemento destes postos é o das educadoras e educadores sociais. Asistiron M<sup>a</sup> José Fernández, Presidenta do CEESG, M<sup>a</sup> Jesús Gutiérrez, Vogal do CEESG, e Montse Sánchez, empregada.
- ✓ Encontro con Guillermo Meijón, deputado do Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, o día 29 de xaneiro, co obxecto de plantexar a incorporación da figura das/os educadoras/es sociais nos centros de ensino. Asistiu Alfonso Tembrás, Vicepresidente do CEESG.
- ✓ Estimación de recurso de reposición por parte do concello de Ferrol, en relación a unha praza de Diplomado/a en Educación Social ao abeiro do Plan de Inclusión Social. Admisión das/os habilitadas/os no proceso selectivo.
- ✓ Estimación parcial de recurso de reposición por parte do concello de Cabanas, en relación a unha praza de Animador cultural e actividades recreativas. Admisión das/os habilitadas/os no proceso selectivo. Desestímase a petición sobre o requisito de ser educador/a social para participar no proceso selectivo.

## NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- CASTRO RODRÍGUEZ, M. M.; FERRER ESTEBAN, G.; MADAJO FREILE, M.F.; RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, J.; VERA VILA, J; ZAFRA JIMÉNEZ, M. e ZAPICO BARBEITO, H. (2007): *La escuela en la comunidad. La comunidad en la escuela*. Graó.
- COGAMI. *O boletín*. N<sup>o</sup> 1. Xaneiro 2008. Confederación Galega de Persoas con Discapacidade.
- *El curso. Informativo de centro de estudios Adams*. N<sup>o</sup> 23. Adams.
- MIELGO CASADO, N.; RAMÓN CERCAS, E.; CORCOBADO ROMO, J. E GIL ROMERO, S. (2007): *Asuntos Sociales*. Federación Española de Municipios y Provincias. (Pack que inclúe 6 CDs monográficos sobre: traballos en beneficio da comunidade; familia e infancia; dependencia e prevención; igualdade; inmigración e drogodependencia).
- Xornal *Entre Mayores. Hablamos de tí*. N<sup>o</sup> 75. Xaneiro de 2008.
- *Journal of Intergenerational Relationships. Programs, policy, and research*. Volume 5. Number 3. 2007.
- *Anteproxecto de Lei de Servizos Sociais de Galiza*. Xunta de Galicia. Secretaría Xeral do Benestar.
- “Boletín CDD”. Centro de Documentación de Drogodependencias. N<sup>o</sup> 146. Decembro 2007.
- Revista “UDP”. N<sup>o</sup> 220. Xaneiro-Febrero 2008. Unión Democrática de Pensionistas.
- SÁNCHEZ MARTÍNEZ, M. (dir.) (2007): *Programas intergeneracionales. Hacia una sociedad para todas las edades*. Colección Estudios Sociales. Fundación La Caixa.
- SÁNCHEZ MARTÍNEZ, M. (dir.) (2007): *La evaluación de los programas intergeneracionales*. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. IMSERSO.
- Xornal “Infoboxe”. N<sup>o</sup> 20 e 21. Decembro 2007 e xaneiro 2008. Xunta de Galicia.
- Revista “Perfiles. Revista General de Política Social”. N<sup>o</sup> 237. Xaneiro 2008. ONCE.
- Separata do artigo de Amando Vega Fuentes: “De la dependencia a la autonomía: ¿dónde queda la educación?” en “Revista Educación XXI” N<sup>o</sup> 10. 2007. Universidade Nacional de Educación a Distancia. Facultade de Educación.
- CID FERNÁNDEZ, X.M. e RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, X. (coords.) (2007): *A fenda dixital e as súas implicacións educativas*. Nova Escola Galega.
- “Estatística de adopcións e acollementos. 2007”. Xunta de Galicia.
- “Directorio de fundacións e entidades de iniciativa social. 2007”. Xunta de Galicia.
- ESPINOSA BREEN, P.: *Club de billar*. Xunta de Galicia. Universidade de A Coruña (Xogo de mesa. Programa de intervención con menores en conflito)

## ARTIGO DE INTERESE: COMUNICADO DO CEESG

O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG), ante o acontecido na urbanización “Os Verxeles”, do Concello de Teo, a raíz da pretensión da Xunta de Galicia de abrir un centro de menores, quere manifestar diante da opinión pública galega:

I.- Que lamenta profundamente a situación creada coa paralización dos devanditos plans de apertura do centro de menores. O CEESG considera que este feito, unha vez máis, senta un grave e perigoso precedente no que as mentalidades e actitudes sociais prexuzosas e pouco tolerantes impiden que se poña en funcionamento un recurso social necesario, neste caso, para rapazas e rapaces en dificultade que, entre outras moitas cousas, precisan para teren expectativas prometedoras dunha contorna humana normalizadora. Así pois temos que considerar este feito como algo claramente negativo. Detrás dos argumentos esgrimidos polos veciños da urbanización,

sexan de carácter legalista sexan mesmo de índole social (“este non é un lugar axeitado”), sabemos que o que se agochan son sentimentos de rexeitamento, que é o que subxace a toda a dialéctica utilizada durante este conflito.

2.- Que realizamos un chamamento á sociedade galega no seu conxunto e ás súas distintas institucións, medios de comunicación incluídos, no sentido de realizar unha seria reflexión sobre o papel que cadaquén desempeñamos e tamén quereamos desempeñar responsablemente na resolución das diversas problemáticas sociais que todos, en distintos graos, contribuímos a xerar. Sabemos hoxe que boa parte destas problemáticas requiren tamén da comprensión, da colaboración, da implicación social, ademais da intervención profesionalizada que, obviamente, si nos corresponde ao persoal técnico.

En Santiago de Compostela, a 24 de xaneiro de 2008.

## FORMACIÓN CONTINUA

### **INTEREA 2008 CONGRESO: DE ESTUDANTES A PROFESIONAIS NA ACCIÓN SOCIOEDUCATIVA E CULTURAL LOCAL**

**Organiza:** Deputación provincial de A Coruña, Universidade de A Coruña e Universidade de Santiago de Compostela.

**Lugar:** Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. (Campus Sur)

**Datas:** do 20 ó 22 de febreiro.

**Información e inscricións:**

<http://www.usc.es/sepa/gl/interea2008congreso.htm>.

## FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADAS/OS DO CEESG

### **CURSOS EN SERVIZOS SOCIAIS (on-line)**

**Organiza:** Fundación de Estudos Sociais y Sanitarios e Universidade de A Coruña.

**Contido:** Diversos cursos das áreas de Xerontoloxía Social; Dirección de Servizos Sociais; Xestión de Residencias de Maiores; Psicoloxía e Servizos Sociais, Familia e Muller; Discapacidade, e Animación Sociocultural.

**Prezo:** 130 € As/os colexiadas/os do CEESG teñen un desconto do 50% (65 €)

**Información e inscricións:**

[www.infosocial.es](http://www.infosocial.es)

## NOVAS DOS BOLETÍNS

### **EMPREGO**

**Concello de Arteixo (A Coruña):** Anuncio de modificación requisitos acceso (titulación). Oposición libre dos procesos selectivos de alfabetizador de adultos e de técnico de planificación de servizos sociais (persoal laboral fixo. Oferta emprego público 2005). BOP de 4/01/08.

**Concello de Laxe (A Coruña):** Anuncio da oferta de emprego público. Unha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. DOG de 11/01/08.

**Concello de Cerceda (A Coruña):** Anuncio da oferta de emprego público de 2007. Unha praza de Técnico de Servizos Sociais. BOP de 24/01/08.

### **OUTROS**

**Consellería de Traballo:** Orde pola que se establecen as bases para as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria. DOG de 9/01/08.

**Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais:** Real Decreto 6/2008, de 11 de xaneiro, sobre determinación do nivel mínimo de protección garantido aos beneficiarios do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia no exercicio 2008. BOE de 12/01/08.

**Consellería de Traballo:** Orde pola que se establecen as bases e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia, durante os anos 2008 e 2009, de programas experimentais en materia de emprego. DOG de 14/01/08.

**Ministerio de Sanidade:** Orde pola que se convocan subvencións a entidades de calquera titularidade, sen ánimo de lucro, destinadas ao financiamento de programas de prevención y control de la infección por VIH SIDA para o ano 2008. BOE de 16/01/08.

**Deputación de Pontevedra:** Bases de subvencións de apoio á cultura, dirixidas a entidades para actividades e investimentos ano 2008. BOP de 16/01/08.

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria. DOG de 17/01/08.

**Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais:** Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións sometidas ao réxime xeral de subvencións do IMSERSO, para as actuacións de turismo e termalismo para persoas con discapacidade durante o ano 2008. BOE de 24/01/08.

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se establecen as bases que rexen as axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais, e se procede á súa convocatoria. DOG de 24/01/08.

**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:** Orde pola que se establecen axudas para a realización de actividades de alfabetización e formación de adultos en Galicia durante o ano 2008. DOG de 25/01/08.

**Deputación de A Coruña:** Convocatoria de subvencións a concellos para desenvolvemento de servizos sociais e políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero, no ano 2008. BOP de 29/01/08.

**Deputación de A Coruña:** Convocatoria de programas de apoio á cultura, dirixidos a concellos para actividades e investimentos durante o ano 2008. BOP de 29/01/08.

**Deputación de A Coruña:** Convocatoria de subvencións a entidades sen fins de lucro para mantemento e investimentos de servizos sociais especializados, socio-sanitarios e de fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero, durante o ano 2008. BOP de 29/01/08.

**Deputación de A Coruña:** Convocatoria de programas de apoio á cultura dirixidos a entidades para actividades e investimentos durante o ano 2008. BOP de 29/01/08.

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Resolución pola que se anuncia a apertura do trámite de información pública do anteproxecto da Lei de servizos sociais de Galicia. DOG de 30/01/08.

**Deputación de Pontevedra:** Bases de subvencións para Asociacións ou Fundacións, con oficina aberta na provincia de Pontevedra, sen fins de lucro, que representen a colectivos que estean incluídos no ámbito dos servizos sociais especializados, excepto ós de mulleres e maiores por contar con axudas específicas a través da Deputación. Ano 2008. BOP de 31/01/08.

Subvenciona:



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coa colaboración de:

